

# 2025

## Memoria de actividades

---



DE AROUSA  
la profesora tiene todas las soluciones  
para rendir bien

ROSA ESTÉVEZ  
VILAGARCÍA / LA VOZ





# Índice

**Centro de Innovación Social**

**Objetivos**

**Proyectos da anualidade**

**Proyectos en curso**

**Propostas de futuro**

**Datos económicos**

**Contacto**



# Centro de Innovación Social

Dalle que Dalle Sociedade Cooperativa Galega é un centro de innovación social sostible liderado por un equipo de mulleres. Estamos centradas na economía social e comprometidas coa igualdade e o medio ambiente.

O noso proxecto busca en poñer a vida no centro, con un diálogo social e a sensibilización nun novo paradigma.

Para acadar todos os nosos obxectivos levamos a cabo diferentes actividades e proxectos internos que nos levan a un fin común.

Para acadar os nosos obxectivos levamos a cabo diferentes actividades e proxectos que nos permiten avanzar na consecución das metas propostas.

## Máis datos:

- Entidade prestadora de servizos sociais nas áreas de igualdade e inclusión.
- Formamos parte da Xunta Directiva de REAS.
- Formamos parte da Xunta Directiva de PontUp



# Obxectivos



Deseñar e desenvolver proxectos e programas sociais, educativos e informativos para promover e mellorar a empregabilidade das persoas.



Formar e promover a economía verde e azul, a economía social e sostible.



Promover a innovación social e tecnolóxica.



Promover a igualdade de xénero e potenciar a participación en igualdade na vida económica, cultural e social.



Fomentar a saúde e o benestar integral das persoas tanto físico, como emocional, social e económico como inversión de futuro.



Promover a creación de centros de inserción laboral para a formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social.

# Proxectos 2025

## Finalizados

- **Formación para o emprego**
- **Atención a persoas migrantes en proceso de regularización**
- **Rutas 3D “Os ODS son glocais”**
- **Plan operativo de implantación de ODS para entidades sociais**
- **Impulsa binestar**
- **Impulsa educación**

## En curso

Actualmente atópanse en curso, as actividades base: xestión de coworking, formación e atención psicolóxica e atopámonos en pleno proceso de promoción dunha empresa de inserción.

Agardamos poder dar continuidade aos programas Impulsa e continuar coa atención a persoas migrantes en proceso de regularización.

## De futuro

- FORTEM
- Programa de emprego no rural
- Formación en sostibilidade vinculada á economía azul - Campus do Mar, UVigo
- Consultoría de ODS: vinculación coa Auditoría Social de REAS

# Formación para o emprego

O obxectivo principais das formacións que impartimos para os proxectos de inserción sociolabora da ONG “Acción Contra el Hambre” son a capacitación das persoas en habilidades dixitais, habilidades brandas e formación técnica específica. Nesta anualidade impartíronse formacións en auxiliar de limpeza, auxiliar de mantemento, recepcionista conserxe e dous cursos de habilidades dixitais básicas para o emprego.

Mantense a oferta formativa aberta todo o ano en formato presencial cando se forma grupo mínimo ou en formato telemático.

## Datos:

- Curso de mantemento
- Curso de limpeza
- Curso de recepcionista conserxe
- Habilidades dixitais
- 200 horas impartidas
- 122 personas beneficiarias



# Atención a persoas migrantes en proceso de regularización

A través do contacto directo da entidade con persoas migrantes en proceso de regularización, con especiais dificultades respecto ao idioma e en situación de vulnerabilidade, acordouse destinar un banco de horas ao apoio na tramitación de documentación e xestións administrativas para este colectivo.

Este proxecto está autofinanciado pola propia entidade dentro da súa liña de reinversión en inclusión.

## Datos:

- Máis de 100 horas de atención
- Máis de 25 trámites xestionados
- 12 persoas beneficiarias

Vilagarcía

## Reportaje | Viaje al futuro cayuco: "A mi madre le venía en avión. Si un día mal, también la llamo y que estoy bien"

Olalla Bouza  
01/09/2025 04:05



# Rutas 3D: “Os ODS son locais”

Despois da participación durante catro anos no programa People & Planet a través da dinamización dos Consellos Climáticos Asesores Xuvenís, o Fondo Galego de Cooperación contou novamente con nós como apoio na difusión do programa de roteiros vinculados aos ODS en nove concellos de toda Galicia. Nestes concellos realizouse unha demostración mediante gafas de realidade virtual, da exposición de ODS que o Fondo Galego deseñou no marco deste programa, e que conecta os ODS coa realidade local de cada municipio.

## Datos:

- Máis de 100 persoas beneficiarias
- 8 Recursos didácticos
- 9 concellos visitados



# Plan Operativo de Implantación dos ODS na Economía Social

No marco do programa ES\_FACTORY, a Unión de Cooperativas EspazoCoop sacou a licitación a creación dun plan operativo de implantación dos ODS para o impulso do emprendemento na Economía Social. O documento é un marco teórico sinxelo que permite a pequenas e medianas entidades crear un plan de ODS a través, facilitando a través dunha ferramenta a escolla de obxectivos, a definición de indicadores de avaliación e o seguimento da evolución. Está especialmente enfocado nas entidades da economía social, recollendo indicadores estandarizados, pero tamén outros enfocados nas áreas de maior impacto destas entidades.

## Datos:

- 1 plan operativo en 3 idiomas: galego, castelán e portugués
- 1 ferramenta interactiva para facilitar a implementación dos ODS en pequenas entidades

Proxecto POCTEP

# ES-FACTORY

Rede de aceleradoras da economía social para impulsar e consolidar as actividades das novas economías emerxentes.



# Impulsa bienestar

Coa situación de actual crise económica e social, cada vez máis persoas presentan necesidades de atención psicolóxica, que non sempre son axeitadamente atendidas nos servizos públicos. Ao decatarnos de que algunhas desas persoas non poden efectuar o pago das tarifas actuais do servizo de atención psicolóxica, decidimos crear o programa impulsa bienestar, no que se lles ofrece unha tarifa reducida (do 60% do prezo real da consulta) para que poidan realizar o proceso de intervención psicolóxica que precisan.

## Datos:

- 50 persoas beneficiarias
- Copago do 60% da tarifa
- 264 horas de apoio



# Impulsa educación

Neste 2025, ao carón do programa Impulsa benestar, decidimos crear o programa impulsa educación, que ten por obxectivo promover unha educación inclusiva e accesible. Moitas familias empregan o noso servizo de formación, no que se atende a nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe ou necesidades de apoio educativo na área de ciencias. Debido ao incremento do custo da vida, algunhas destas familias decidían prescindir dos servizos debido ás dificultades para o pagamento dos prezos establecidos. A cooperativa decide polo tanto cofinanciar o 40% do custe para facilitar a permanencia destas familias e a adhesión de novas familias de baixos recursos.

## Datos:

- 12 persoas beneficiarias
- 60 horas de apoio
- Copago do 60%

ROUSA

## profesora tiene todas las solu a rendir bien

ROSA ESTÉVEZ  
VILAGARCÍA / LA VOZ



# Datos económicos

	2023	2024
<b>Financiación propia</b>	100.508,10€	99.743,41€
<b>Financiación pública</b>	23.195,70€	41.701,56€
<b>Financiación privada</b>	3.127,44€	-
<b>Gastos de persoal</b>	71.438,02€	82.626,49€
<b>Gastos de actividade</b>	52.180,59€	543.253,12€
<b>Resultado</b>	+ 3.212,57€	+ 3.453,69€

O modelo cooperativo foi sempre representativo dos nosos valores, baseado na democracia e o reparto xusto e equitativo dos beneficios, en función do traballo das persoas socias.

Este ano, avanzamos un paso máis na reinversión do excente positivo nos programas Impulsa Benestar, Impulsa Educación e na atención a persoas migrantes en proceso de regularización.

Así mesmo, destinamos un esforzo importante a avanzar na promoción dunha empresa de inserción que incremente a cohesión social e o respecto pola contorna.

# Contáctanos



986 188 467



[hola@dallequedalle.com](mailto:hola@dallequedalle.com)



[www.dallequedalle.com](http://www.dallequedalle.com)

## **Susana Loroño Mondragón**

Xestión de coworking e coordinadora de proxectos de innovación

## **Laura Vidal Bralo**

Coordinadora de proxectos de formación e sostibilidade

## **Lorena Leiro Paz**

Coordinadora de proxectos de inclusión social e igualdade